

VENRES 1 XUÑO – 22:00 horas

TON RISCO & JACOBO DE MIGUEL en concerto



O dúo fórmase en marzo do 2006, a raíz dun encontro fortuito. Dende entón, comezan a traballar no proxecto aportando composicións propias de ámbolos dous á par que standards de jazz. O dúo incrementa a súa actividade nos clubs, actuando en cidades como Gijón, Oviedo, Avilés, Ourense, Vigo ou A Coruña.

En 2007 gravan o seu primeiro traballo, titulado “Dúo”, e comezan unha andadura polos principais festivais de jazz da zona noroeste, coma o Ibero jazz, Festival de Jazz 1906, Imaxinasons ou o festival Arte en la Calle de Gijón.

A música é na súa maior parte orixinal e os concertos teñen a intimidade dun dúo tinguido ca singular sonoridade da mestura de vibráfono e piano. Pódese dicir que é a exploración da música de cámara jazzística, nunha formación tanto sinxela como particular, que sorprende pola ampla gama de matices que acada nos directos.

Jacobo de Miguel: piano
Ton Risco: vibráfono e percusión

Soundcloud: <https://soundcloud.com/ton-risco/sets/ton-risco-jacobo-de-miguel>

.....
Venres 1 de xuño ás 22:00 horas

Achega íntegra para o grupo:

Socios beta: 4€ · Socios betuneiros de balde

.....

SÁBADO 2 XUÑO – 18:30 horas
STEEL SHEEP en concerto



STEEL SHEEP GALICIAN TOUR 2018

BELA HORVAT (ESLOVENIA) VIOLÍN · VIRXILIO DA SILVA (GALIZA) GUITARRA · MATT ADOMEIT (USA) CONTRABAIXO

EL CERCANO (OURENSE) XOVES 31 DE MAIO ÁS 21H
O ENCONTRO (BARRANTES) VENRES 1 DE XUÑO ÁS 13H
CAMBIKA (CANGAS) VENRES 1 DE XUÑO ÁS 21H
BETÚN (TUI) SÁBADO 2 DE XUÑO ÁS 18:30H
LA CASA DE ARRIBA (VIGO) MARTES 5 DE XUÑO ÁS 22H

WWW.STEELSHEEP.ORG

Steel Sheep é un trio de folk progresivo formado no 2015 en Amsterdam, Holanda, por Bela Horvat (Eslovenia/USA) ao violín, Virxilio da Silva (Galiza) á guitarra, e Matt Adomeit (USA) ao contrabaixo. A banda utiliza a música celta e o bluegrass norteamericano como base para un repertorio totalmente orixinal no que a improvisación ten un papel fundamental.

Steel Sheep distínguense de outros grupos sónicamente similares: o trio experimenta con formas complexas, técnicas extendidas e conceptos de improvisación contemporáneos, sen descartar a experiencia de escoita familiar para o público. Cada membro do trío pon na mesa o seu diverso conxunto de habilidades e diferentes backgrounds musicais, e xuntos crean unha inconfundible mestura que nunca falla para ofrecer unha actuación entretida e única.

Web: <https://www.steelssheep.org/>

YouTube: <https://www.youtube.com/channel/UCv4qycD6UAXRm9bFr9Jgjkq>

.....
Sábado 2 de xuño ás 18:30 horas

Achega íntegra para o grupo:

Socios beta: 4€ · Socios betuneiros de balde
.....

DOMINGO 3 XUÑO – 21:00 horas
L MANTRA en concerto



L MANTRA son Madalena Palmeirim e João Teotónio.

Tendo ambos un percorrido musical ligado a proxectos como Nome Comum e ÖLGA, esta colaboración xurdiu espontaneamente, cando se encontraron en casa dun amigo e decidiron xuntar as súas voces. Rapidamente pasaron da sala-de-estar ao estudio de gravación e o resultado foi o seu disco homónimo, un conxunto de cancións inmersas nun universo lo-fi que, a pesar do seu minimalismo depurado, ten en si unha complexidade propia que traslada ao oínte nunha especie de soño distante e atemporal e, ao mesmo tempo, íntimo e caloroso.

Bandcamp: <https://lmantra.bandcamp.com/releases>

YouTube: <https://www.youtube.com/channel/UCBasNBCXb6vR2u6f82f5toQ>

.....
Domingo 3 de xuño ás 21:00 horas
Achega íntegra para o grupo:
Socios beta: 3€ • Socios betuneiros de balde
.....